



Programa de lectura  
para o éxito educativo  
**Lecxit**

Contacto:  
[lecxit@meninos.org](mailto:lecxit@meninos.org)

[www.meninos.org](http://www.meninos.org)

Imaxe de portada: Pixabay  
Resto de imaxes: Freepik





## OBXECTO:

O proxecto LECXIT permite mellorar o éxito educativo dos nenos e nenas a través da mellora da súa comprensión lectora, unha competencia básica que incrementa a garantía de progreso escolar.

A clave é o traballo lúdico e ameno grazas á implicación do voluntariado e do círculo dos nenos e nenas.

A súa aplicación ten un elevado impacto mobilizando cidadanía, familias, escola e contorno, xerando unha rede motivadora e sustentadora.



## METODOLOXÍA:

- ✓ Tempo de lectura con actividades diversas, con materiais variados e axeitados aos intereses e nivel dos nenos e nenas, onde se crea un diálogo arredor do que se le, un espazo de imaxinación e creatividade onde suceden cousas especiais, no marco dunha relación positiva e estimulante.

- ✓ Unha entidade impulsora que promove, acompaña, asesora, coordina e conecta voluntariado, colexios, profesorado, familias e alumnado.

- ✓ Un proxecto con metodoloxía contrastada, materiais deseñados e organizados e un sistema de avaliación do progreso dos nenos e nenas. Así traballa o LECXIT.



## PARTICIPANTES:

- ✓ Nenos e nenas de 4º a 6º de primaria con potencial de mellora, seleccionados e propostos polo seu profesorado.

- ✓ Persoas voluntarias con dispoñibilidade dunha hora á semana durante o curso académico e interese pola lectura. Non é necesaria ningunha titulación específica.



## EIXOS CLAVES DO LECXIT:

- ✓ Voluntariado como eixo central con paixón pola lectura, sensibilidade coa infancia, capacidade de escoita, empatía e creatividade.

- ✓ Mentoría 1 x 1 (un neno, unha nena e unha persoa voluntaria) para establecer unha vinculación enriquecedora e adaptarnos ao nivel e intereses de cada neno e nena.

- ✓ As sesións de lectura como experiencias estimulantes e atractivas.

- ✓ Entidade xestora (Fundación Meniños) implicando voluntariado, conectando colexios, apoiando e supervisando actividades, ofrecendo metodoloxías e construíndo redes.

